



CIRCULAR 74/2011

(modificada a 11/01/2012) Inclúe horario definitivo

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS PISTA CUBERTA

Pista cuberta de Riazor. A Coruña

14 de xaneiro do 2012

Art.1) A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato Galego de Veteráns de pista Cuberta que terá lugar no Pazo de Deportes de Riazor na Coruña o vindeiro sábado **día 14 de xaneiro** do 2012, en xornada de mañá e tarde.

Art.2) Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2011/12) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3) As inscricións realizaranse na web www.atletismogalego.org ata o **luns día 9 de xaneiro**. Unha vez recibidas as inscricións poderá modificarse o horario programándose unicamente aquelas probas nas que houbese un mínimo de 3 inscritos. O horario definitivo circularase o **mércres día 11 de xaneiro**.

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Naquelas probas nas que non se disputen finais por categorías, consideraranse merecedoras das medallas, en cada categoría, as tres mellores marcas conseguidas nas series. Nos concursos serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que consigan as tres mellores marcas de cada unha das categorías.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación.

Art.8) Nos concursos pasarán á mellora ás 8 mellores marcas obtidas por peso empregado, independentemente da categoría.

Art.9) Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias non participase na ronda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe.

Art.10) Limitacións de probas: Só poderán inscribirse nun máximo de tres probas, sendo soamente unha delas superior a 1000 metros. Só programaranse máis probas en caso de haber tres o máis atletas inscritos.

Art.11) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.12) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.
- Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a secgeneral@fgatletismo.com sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

HORARIO CAMPIONATO GALEGO VETERANS						
MAÑAN						
800 m.l.	Mulleres	FINAIS	11.00	Pértega	Homes-M	FINAL
				Lonxitude 35-40-45	Homes	FINAL
800 m.l.	Homes	FINAIS	11.20			
50 m.l.	Mulleres	FINAIS	11.55			
50 m.l.	Homes	FINAIS	12.10			
400 m.l.	Mulleres	FINAIS	12.40	Lonxitude 55 y sup	Homes	FINAL
				Lonxitude	Mulleres	FINAL
400 m.l.	Homes	FINAIS	13.10			
50 m.v.	Homes	FINAIS	13.50			
50 m.v.	Mulleres	FINAIS	14:00			
TARDE						
1.500 m.l.	Mulleres	FINAIS	16.30	Peso 4-5-6 Kg	Homes	FINAL
				Altura	H-M	FINAL
1.500 m.l.	Homes	FINAIS	16.45			
200 m.l.	Mulleres	FINAIS	17.20			
200 m.l.	Homes	FINAIS	17.40	Peso 7,260	Homes	FINAL
3.000 m.l.	Mulleres	FINAIS	18.25			
			18:30	Triplo	Homes	FINAL
3.000 m.l.	Homes	FINAIS	18.50	Peso 4-3 Kg	Mulleres	FINAL

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 20 de decembro de 2011

